



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Música nas culturas

Materia	Música nas culturas			
Código	P02G120V01927			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Costa Vázquez, Luís			
Profesorado	Costa Vázquez, Luís			
Correo-e	luiscosta@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

## Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
A2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
A3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
A4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
A5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
A7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
A8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
A9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
A10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
A11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecementos de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B12	Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B17	Creatividade
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B21	Motivación pola calidade

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

1. Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social dende as artes.	A1	B1 B6
2. Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos musicais nas súas dimensións práctica e cultural.	A1 A7	B1 B6
3. Coñecer a variedade de estilos e manifestacións que a música tivo dende unha perspectiva histórica, con atención preferente á tradición culta de occidente.	A1 A4	B12
4. Coñecer a variedade de estilos e manifestacións que a música ten no contexto actual, nas diferentes culturas e tradicións do mundo, con especial atención ao noso ámbito cultural máis inmediato.	A4 A7	B12 B19
5. Coñecer a variedade de estilos e manifestacións que se encontran bo noso medio inmediato: música culta, tradicional e popular.	A7 A8	B12 B19
6. Coñecer as músicas de tradición oral propias de Galicia.	A1	B19
7. Adquirir recursos para fomentar o uso de toda a variedade de estilos musicais dentro da acción pedagóxica.	A2 A3 A5 A11	B2 B3 B14 B17 B19 B21
8. Adquirir a competencia para a busca autónoma de recursos nas principais fontes documentais de música de todos os estilos pertinentes (cultura, tradicional e popular).	A10 A11	B5 B15 B21
9. Desenvolver a autonomía para a realización de propostas didácticas propias e autónomas.	A10	B14 B15 B17
10. Desenvolver o sentido crítico ante os fenómenos de mass-mediatización e os problemas da homoxeneización cultural nun mundo globalizado.	A9	B14

### Contidos

Tema	
1- A Música no noso entorno.	*
2- Música nals nosa/s sociedade/s	*
3- A Música na educación: Músicas do mundo.	*
4- A Música occidental na historia: estilos e compositores	*
5- A Música popular e a súa influencia na sociedade	*

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	41	30	71
Sesión maxistral	20	23	43
Obradoiros	10	20	30
Probas de resposta curta	3	3	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Obradoiros	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os estudantes.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiros	Atención personalizada á demanda do alumnado, nas sesións de aula e mediante o horario de tutoría sinalado.
Traballos de aula	Atención personalizada á demanda do alumnado, nas sesións de aula e mediante o horario de tutoría sinalado.
Sesión maxistral	Atención personalizada á demanda do alumnado, nas sesións de aula e mediante o horario de tutoría sinalado.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Resolución de exercicios ou proxectos propostos.	40
Obradoiros	Resolución de actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta.	30
Probas de resposta curta	Resolución de preguntas curtas.	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para superar a materia é necesario alcanzar un 5 nas probas sinaladas.

As competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo e, de non aprobarse entón, non se gardarán as notas para a seguinte convocatoria.

### **Bibliografía. Fontes de información**

COOK, N. (2001) De Madonna al Canto Gregoriano. Madrid. Alianza.

ESTEVE, R. (2008) Comprender y amar la música. Barcelona. Océano.

MARTÍ, .I. (2003) "El aula de música ante el reto de la interculturalidad". Cuadernos de Pedagogía. núm. 328, pp. 55-57.

ROSS, A. (2007) The rest is Noise: Listening to the twentieth century. Nueva York. Farrar. Straus & Giroux.

SWANWICK, K. (1991) Música, pensamiento y educación. Madrid. Morata.

TRAVÉ, G. (2003) "Música y problemas sociales". Cuadernos de Pedagogía. núm. 328, pp. 48-50.

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Recoméndase:

- 1) Asistencia continua a clases.
- 2) Actitude favorable, receptiva e activa.